

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

CARACTERÍSTICAS

A oferta pública de educación de persoas adultas, gratuíta e de calidade, asegura e garante que as persoas adultas poidan adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o desenvolvemento persoal e profesional.

A través das ensinanzas de adultos conséguense:

- Actualizar a formación básica e acceder aos diferentes niveis do sistema educativo.
- Mellorar a cualificación profesional ou adquirir unha preparación para o exercicio doutras profesións.
- Adquirir novos conceptos, técnicas e habilidades para unha mellor adaptación aos cambios do mundo actual.
- Conseguir unha maior satisfacción e seguridade no medio persoal e profesional.
- Desenvolver a capacidade de participación na vida social, cultural, política e económica.

DESTINATARIOS

Poderán cursar ensinanzas de Educación de Adultos todas as persoas maiores de 18 anos.

Están dirixidas en particular a desempregados, e aos mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen unha titulación básica e que desexan adquirila. Nalgúñas ensinanzas autorízase a inscrición de alumnos menores de 18 anos que, por causas xustificadas, non poden seguir estudos equivalentes en centros ordinarios

REDE DE CENTROS EPA

Son centros con espazos, recursos humanos e materiais destinados exclusivamente á ensinanza de persoas adultas. Centros ordinarios con ensinanzas de adultos. Son centros ordinarios que está autorizados para impartir determinadas ensinanzas de adultos.

MODALIDADE PRESENCIAL: OFERTA EDUCATIVA

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria oferta a posibilidade de cursar as seguintes ensinanzas:

1) Ensinanzas básicas de niveis I e II.

As ensinanzas básicas iniciais de nivel I e II están dirixidas a persoas adultas que non dominan as técnicas instrumentais elementais.

a) Nivel I ou de alfabetización

i) *Destinatarios*

Todas as persoas adultas que necesiten adquirir técnicas básicas de lectura, escritura e cálculo.

ii) *Organización*

Grupos reducidos, cunha metodoloxía individualizada (como máximo 12 alumnos) e con materiais específicos, en horarios flexibles cun mínimo de 12 períodos lectivos semanais.

- iii) *Matrícula*
O período de matrícula está aberto durante todo o curso.
 - iv) *Centros*
Estas ensinanzas poderán seguirse en todos os centros específicos de educación de adultos e nos institutos de educación secundaria autorizados.
- b) **Nivel II ou de consolidación de coñecementos e técnicas instrumentais**
- i) *Destinatarios.*
Persoas sen ningunha titulación que desexen acceder á educación secundaria para persoas adultas, seguir con garantía de éxito cursos de cualificación profesional ou potenciar a súa participación activa na vida social, cultural, política e económica.
 - ii) *Organización*
Contidos relacionados coas necesidades e a realidade das persoas adultas, estruturados en tres ámbitos globalizados, en horarios flexibles cun mínimo de 16 períodos lectivos semanais.
 - iii) *Centros*
Estas ensinanzas poden seguirse en todos os centros específicos de educación de adultos e nos institutos de educación secundaria autorizados.
 - iv) *Matrícula*
Todo o curso, sempre que a dispoñibilidade do centro o permita.
- c) **Educación Secundaria para persoas adultas (Nivel III)**
- i) *Destinatarios.*
Todas as persoas adultas maiores de 18 anos, sen ningunha titulación, que desexen obter o título de graduado en educación secundaria. As persoas adultas poderán permanecer cursando as ensinanzas básicas o tempo que o seu ritmo de aprendizaxe precise para a adquisición dos coñecementos establecidos
 - ii) *Organización*
Estas ensinanzas son equivalentes ás ensinanzas obrigatorias de Educación Secundaria Obrigatoria en réxime ordinario (ESO). Organízanse en catro campos de coñecemento, mediante contidos adaptados ás necesidades e intereses das persoas adultas. Os campos de coñecemento estrutúranse á súa vez en módulos, de duración cuadrimestral. A matrícula, para os módulos 1 e 3, é na primeira quincena do mes de setembro e, para os módulos 2 e 4, na segunda quincena do mes de Janeiro
 - iii) *Duración*
As ensinanzas de Graduado en Educación Secundaria poderán realizarse, con carácter xeral, en dous cursos académicos.
 - iv) *Acreditación*
Ao remate do nivel III do ensino básico para as persoas adultas, expedirase o título de graduado en educación secundaria a todas aquelas persoas que acaden os obxectivos xerais establecidos. Cando non se rematen os estudos correspondentes á educación secundaria obrigatoria, os directores dos centros emitirán unha acreditación onde consten os niveis e módulos cursados así como a cualificación obtida.
 - v) *Acceso*
O acceso a estas ensinanzas poderá ser:
 - (1) Por superación do nivel II das ensinanzas iniciais.
 - (2) Mediante proba.
 - (3) Por validación de estudos.

Antes de formalizar a matrícula, haberá unha valoración inicial dos coñecementos e experiencias do alumno que permitirá aconsellar en que módulo ou módulos se deberá matricular para seguir con aproveitamento as ensinanzas.

Cando a persoa que solicite estas ensinanzas acredite estudos previos, poderá facer a matrícula no módulo que lle corresponda por validación.

d) **Bacharelato para persoas adultas**

Poden cursarse ensinanzas de bacharelato para persoas adultas nos institutos de educación secundaria autorizados. Esta oferta educativa flexible permite adaptarse ás persoas adultas, para que poidan actualizar ou adquirir novos coñecementos nunha determinada materia así como obter o título de bacharelato.

i) *Destinatarios.*

Como norma xeral, todas as persoas adultas maiores de 18 anos que cumpran os requisitos académicos de acceso.

Excepcionalmente, e previa autorización, poderán cursar estas ensinanzas persoas maiores de 16 anos que acrediten a súa condición de traballadores e que cumpran os requisitos académicos de acceso.

ii) *Organización*

Estas ensinanzas poderán cursarse por curso completo ou por materias de forma independente.

Se se opta por cursar materias de forma independente, poderán cursarse simultaneamente, materias do primeiro ou do segundo curso, coa salvedade de que non se supere a carga lectiva dun curso completo ou que exista prelación entre materias.

iii) *Duración*

O tempo de permanencia para cursar estas ensinanzas é de seis anos académicos.

Se unha persoa esgota os seis anos sen acadar os obxectivos previstos, poderá seguir cursando as materias pendentes na modalidade a distancia ata completar a formación desexada.

iv) *Acreditación*

Aos alumnos e alumnas que logren a avaliación positiva de todas as materias dun itinerario formativo expediráselles o título de bacharel na modalidade que se complete. Cando non se rematen os estudos correspondentes á unha modalidade educativa, os directores dos centros emitirán unha acreditación onde consten as materias cursadas e a cualificación obtida.

v) *Acceso*

Para o acceso a estas ensinanzas requírese:

(1) Posuír o título de graduado en educación secundaria.

(2) Ter superados os estudos do primeiro ciclo do programa experimental de reforma das ensinanzas medias (REM).

(3) Posuír o título de Técnico Auxiliar de Formación Profesional de primeiro grao.

(4) Ter aprobado o segundo curso do Bacharelato Unificado e Polivalente ou, como máximo, con dúas materias non superadas.

(5) Ter superados os cursos comúns dos estudos de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos

(6) Estar en posesión do título de Técnico correspondente á Formación Profesional específica de grao medio.

e) **Ciclos formativos para persoas adultas**

Poderán cursarse os ciclos formativos de formación profesional específica para persoas adultas nos institutos de educación secundaria que autorice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Esta oferta educativa pretende facilitar ás persoas adultas a súa actualización, adquirindo novos coñecementos nunha determinada competencia profesional así como a obtención do título de técnico ou técnico superior cunha oferta flexible.

i) *Destinatarios.*

Como norma xeral, todas as persoas adultas maiores de 18 anos que cumpran os requisitos académicos de acceso.

Excepcionalmente e previa autorización, poderán cursar ensinanzas de ciclos formativos de grao medio persoas maiores de 16 anos que acrediten a súa condición de traballadores e que cumpran os requisitos académicos de acceso.

ii) *Organización*

Estas ensinanzas poden cursarse por ciclo completo ou de forma parcial por módulos, sempre que a organización do centro o permita.

Se se opta por cursar módulos de forma parcial, poderán matricularse tanto de módulos que pertenzan ao primeiro ano do ciclo, como ao segundo ou aos dous á vez.

Neste caso os módulos han de ser dun mesmo ciclo e non poderán superar a carga lectiva anual de 960 horas.

iii) *Duración*

Aos alumnos matriculados por este réxime de ensinanza non lles será de aplicación a limitación de realizar as actividades programadas para os distintos módulos dun ciclo formativo un máximo de dúas veces, dispoñendo das convocatorias necesarias ata acadar os obxectivos previstos.

iv) *Acreditación*

Aos alumnos e alumnas que se matriculen por módulos, cando acaden a avaliación positiva dun módulo, o director do centro expediralles unha certificación das ensinanzas cursadas.

Cando se opte pola matrícula de ciclo completo, unha vez obtida a avaliación positiva, serán propostos para a expedición do título de Técnico ou Técnico Superior, segundo corresponda.